

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E EMPRESA

18677 *Orde ECE/1263/2019, do 26 de decembro, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento e pola que se modifica a Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ao cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras, e a Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios.*

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Artigo 3. Réxime xurídico.

Artigo 4. Divisa das operacións e cambio de divisa.

Artigo 5. Información acerca dos gastos adicionais ou das reducións pola utilización dun instrumento de pagamento determinado.

Artigo 6. Especialidades respecto dos requisitos de información para instrumentos de pagamento de escasa contía.

Capítulo II. Operacións de pagamento singulares.

Artigo 7. Concepto e ámbito de aplicación.

Artigo 8. Información xeral previa relativa a operacións de pagamento singulares.

Artigo 9. Información e condicións relativas a operacións de pagamento singulares.

Artigo 10. Información para o ordenante tras a recepción da orde de pagamento.

Artigo 11. Información para o beneficiario tras a execución dunha operación de pagamento singular.

Artigo 12. Información exigible ao provedor de servizos de iniciación de pagamentos, tras a iniciación dunha orde de pagamento.

Capítulo III. Contratos marco.

Artigo 13. Información xeral previa á celebración dun contrato marco.

Artigo 14. Información e condicións relativas ao contrato marco.

Artigo 15. Accesibilidade da información e das condicións do contrato marco.

Artigo 16. Información previa á execución de operacións de pagamento suxeitas a un contrato marco.

Artigo 17. Información para o ordenante sobre operacións de pagamento suxeitas a un contrato marco.

Artigo 18. Información para o beneficiario sobre operacións de pagamento suxeitas a un contrato marco.

Artigo 19. Forma de remisión da información e condicións relativas á modificación das condicións do contrato marco.

Artigo 20. Forma de remisión da información e condicións relativas á resolución do contrato marco.

Disposición adicional primeira. Réxime aplicable a determinadas operacións e contratos.

Disposición adicional segunda. Contabilidade e auditoría.

Disposición adicional terceira. Obriga de informar os consumidores sobre os seus dereitos.

Disposición transitoria única. Réxime transitorio dos contratos marco.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ao cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios.

Disposición derradeira cuarta. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira quinta. Habilitación normativa.

Disposición derradeira sexta. Entrada en vigor.

I

A aprobación da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre servizos de pagamento no mercado interior e pola que se modifican as directivas 2002/65/CE, 2009/110/CE e 2013/36/UE e o Regulamento (UE) n.º 1093/2010 e se derroga a Directiva 2007/64/CE, do 13 de novembro (en diante, a Directiva), reformou a regulación no mercado único integrado de pagamentos retallistas europeos. A dita directiva traspúxose parcialmente mediante o Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, e para a súa completa transposición foi necesario adoptar as normas de desenvolvemento do dito real decreto lei. Así, mediante o Real decreto 736/2019, do 20 de decembro, de réxime xurídico dos servizos de pagamento e das entidades de pagamento e polo que se modifican o Real decreto 778/2012, do 4 de maio, de réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico, e o Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, reguláronse aspectos clave da Directiva, como é o réxime xurídico das entidades de pagamento. Procede agora regular igualmente a transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento. Estes elementos da regulación son fundamentais para garantir a confianza dos usuarios de servizos de pagamento, condición necesaria para o correcto funcionamento do tráfico comercial. Así mesmo, unha adecuada transparencia sobre as condicións aplicadas aos servizos de pagamento fomenta a competencia e, polo tanto, reduce os custos das transaccións comerciais que derivan do uso destes servizos.

O Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, estableceu as normas xerais aplicables ás condicións e aos requisitos de información, e mesmo regulou con máis profundidade algúns elementos relevantes, como son os gastos de información, a carga da proba en relación co cumprimento dos requisitos de información e a modificación e resolución dos contratos marco. Para completar este esquema, o seu artigo 29 remitía á determinación, por parte da persoa titular do Ministerio de Economía e Empresa, dos requisitos concretos de información e demais condicións aplicables ás operacións de pagamento, xa sexan singulares ou reguladas por un contrato marco, as excepcións ao réxime xeral de información para os instrumentos de pagamento de escasa contía e ao diñeiro electrónico, así como o contido mínimo do contrato marco e do folleto informativo, xunto coas súas modalidades de difusión. Polo tanto, cómpre aprobar esta orde ministerial para regular estas cuestións.

II

Esta orde ministerial versa sobre dous aspectos principais: por un lado, os requisitos de información aplicables ás operacións de pagamento singulares e, polo outro, aqueles aplicables aos contratos marco e operacións asociadas aos ditos contratos. Iso engloba non só as obrigas aplicables aos provedores de servizos de pagamento tradicionais, senón tamén as específicas dos novos provedores de servizos de pagamento, como son as entidades prestadoras do servizo de información sobre contas e aquelas prestadoras do servizo de iniciación de pagamentos. Esta normativa é de obrigado cumprimento para ambas as partes, provedor e usuario, sempre que o usuario sexa un consumidor ou –e aquí

está a novidade respecto ao réxime actual— unha microempresa. Outros usuarios distintos dos anteriores poderán pactar co provedor de servizos de pagamento a non aplicación total ou parcial desta orde ministerial. Tamén aborda a necesaria coordinación con determinados preceptos da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, na medida en que ambas regulan situacións similares.

Esta orde ministerial consta de vinte artigos, agrupados en tres capítulos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O capítulo I refírese ás disposicións xerais. O obxecto desta orde é regular a transparencia das condicións e os requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento, de conformidade cos establecido no Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro. Xunto co réxime xurídico e co ámbito de aplicación, recolle a regulación tanto das operacións de pagamento singulares como daquelas suxeitas a un contrato marco. Por un lado, concrépanse as aplicables á divisa das operacións e os requisitos de información aplicables aos servizos de cambio de divisas e, por outro, a información relativa a gastos adicionais ou redución que teñen que ofrecer as entidades de pagamento pola utilización dun instrumento de pagamento determinado. Por último, a orde ministerial define que instrumentos de pagamento se deben considerar de escasa contía e establécese un réxime especial de obrigas de información para eles. Ao igual que no Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, se establece un réxime específico para a autorización e execución de ordes de pagamento mediante instrumentos de escasa contía, nesta orde ministerial establécese unha serie de especificidades nas obrigas de información aplicables aos instrumentos de pagamento de escasa contía.

O capítulo II recolle as obrigas de información a que están sometidos os provedores de servizos de pagamento nas operacións de pagamento singulares. Estes provedores deben pór á disposición do usuario determinada información, antes de que este quede vinculado de calquera modo con aquel. Da mesma maneira, deben facilitar ou pór á disposición tanto do ordenante coma do beneficiario unha serie de datos, inmediatamente despois da recepción da orde de pagamento ou da execución da operación. Así mesmo, adicionalmente a toda esta información e condicións, a orde ministerial regula tamén as peculiaridades das obrigas dos provedores do servizo de iniciación de pagamentos. Estas deben proporcionar información adicional ao ordenante e ao beneficiario, inmediatamente despois da iniciación da orde de pagamento.

O capítulo III, pola súa parte, recolle as obrigas de información en relación cos contratos marco, definidos no Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro. Ao igual que na execución de operacións de pagamento singulares, establécese unha información mínima que se lle debe proporcionar ao usuario necesariamente, con carácter previo a calquera vinculación contractual e coa suficiente antelación. Esta información, así como o resto das condicións do contrato, entregaráselle ao usuario en calquera momento da relación contractual, á súa petición. Ademais, no caso de operacións concretas suxeitas a un contrato marco e por solicitude do usuario, débese proporcionar información explícita sobre o prazo máximo de execución da dita operación e sobre os gastos que deba aboar. Tamén se establecen outras obrigas de información concretas cara ao ordenante e ao beneficiario das operacións de pagamento. O capítulo péchase coa especificación dos termos en que se ten que producir a modificación e resolución dos contratos marco por parte dos provedores de servizos de pagamento.

A disposición adicional primeira prevé, de conformidade co artigo 8 da Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, a aplicación de determinados artigos desta orde ministerial como norma especial, en lugar dos correspondentes da citada lei, no que se refire á comercialización a distancia dos servizos de pagamento.

A disposición adicional segunda habilita o Banco de España para establecer e modificar as normas de contabilidade e os modelos a que se deberán axustar os estados financeiros das entidades de pagamento e das entidades de diñeiro electrónico. Para iso será preceptiva a consulta previa ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Ademais, recolle o réxime de auditoría aplicable ás entidades de pagamento e de diñeiro electrónico e a obriga que teñen de presentar por separado a contabilidade relativa aos servizos de pagamento e ás demais actividades que estean autorizadas a prestar.

A disposición adicional terceira recolle a obriga de informar os consumidores dos seus dereitos, para o cal se entregará o folleto electrónico orientado ao consumidor que, conforme o artigo 106 da directiva, debe elaborar a Comisión Europea.

A disposición transitoria única recolle o réxime transitorio dos contratos marco que fosen subscritos con anterioridade á entrada en vigor desta orde ministerial.

A disposición derogatoria única derroga a Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento, a que substitúe.

A disposición derradeira primeira recolle os títulos competencias, sinalando que esta orde ministerial se dita ao abeiro dos títulos competencias recollidos nos artigos 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española.

A disposición derradeira segunda modifica a Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ao cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras, para incluír entre as entidades suxeitas a ela os establecementos financeiros de crédito, as entidades de pagamento e as entidades acollidas ao establecido nos artigos 14 e 15 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, as entidades de diñeiro electrónico, así como para habilitar o Banco de España para que module as súas exixencias atendendo ao tamaño, estrutura, natureza, dimensión e complexidade das actividades que desenvolven as entidades.

A disposición derradeira terceira modifica o artigo 27.1.d) da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, para aliñar a definición do tipo oficial establecido no dito punto cos axustes da metodoloxía do euríbor realizados polo seu administrador (*European Money Markets Institute*). Estes axustes responden á necesidade de adaptación do índice ás exixencias do Regulamento (UE) 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, sobre os índices utilizados como referencia nos instrumentos financeiros e nos contratos financeiros ou para medir a rendibilidade dos fondos de investimento, e polo que se modifican as directivas 2008/48/CE e 2014/17/UE e o Regulamento (UE) n.º 596/2014, e realizáronse sen que a autoridade nacional que supervisa o dito índice (*Autorité des Services et Marchés Financiers* belga) considerase necesario aplicar o previsto no artigo 28 do dito regulamento, o cal supón que os ditos axustes non afectan a continuidade do índice. Esta mesma disposición modifica o artigo 34 da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, co obxecto de actualizar a referencia á normativa de transparencia aplicable aos servizos de pagamento.

A disposición derradeira cuarta contén a referencia á incorporación do dereito da Unión Europea e a quinta habilita o Banco de España para que poida ditar as normas e os actos precisos para o desenvolvemento e a execución desta orde ministerial.

Por último, a disposición derradeira sexta recolle a previsión da entrada en vigor.

III

Esta orde ministerial responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Polo que se refire aos principios de necesidade e eficacia, esta orde ministerial é o instrumento óptimo para levar a cabo o desenvolvemento regulamentario da regulación contida no Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, e no Real decreto 736/2019, do 20 de decembro.

En canto ao principio de proporcionalidade, esta orde ministerial mantén o necesario equilibrio entre o establecemento dun marco legal adecuado, áxil e que favoreza o bo funcionamento dos provedores de servizos de pagamento, por un lado, e a garantía de que manteñen uns niveis de transparencia e protección dos usuarios de servizos de pagamento adecuados, por outro.

O principio de seguridade xurídica queda reforzado con esta orde ministerial xa que, en virtude do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, as entidades prestadoras do

servizo de información sobre contas e aquelas prestadoras do servizo de iniciación de pagamentos sufriron un importante cambio no seu réxime legal ao pasar a ser consideradas provedores de servizos de pagamento. Desta forma mellóranse o coñecemento e a comprensión das normas de transparencia e protección dos usuarios de servizos de pagamento por parte tanto destes como das entidades prestadoras dos ditos servizos, o que facilita a súa interpretación e aplicación fronte á alternativa dun texto modificativo.

En aplicación do principio de transparencia, no procedemento de elaboración desta orde ministerial tívose en conta o disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro. Desta forma, someteuse ao procedemento de consulta pública previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, así como no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, e ao trámite de audiencia e información pública previsto no artigo 133.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, posibilitando así a participación activa dos potenciais destinatarios. En ambas as fases, recibíronse numerosas observacións que se tiveron en conta na elaboración deste texto. Así mesmo, solicitáronse numerosos informes, entre os cales cabe destacar os do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC), do Banco de España e do Consello de Consumidores e Usuarios. Polo anterior, considérase cumprido o principio de transparencia.

Por último, en relación co principio de eficiencia, esta orde ministerial non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias, e o seu desenvolvemento produciuse coa maior celeridade posible.

Esta orde ministerial dítase en virtude das habilitacións para o desenvolvemento normativo que establecen o Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, e o Real decreto 736/2019, do 20 de decembro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto desta orde é a regulación da transparencia das condicións de contratación e dos requisitos de información exixibles na prestación de servizos de pagamento, de conformidade co establecido no título II do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira.

2. As disposicións desta orde ministerial enténdense sen prexuízo das disposicións derivadas do dereito da Unión Europea que establezan requisitos adicionais en materia de información previa que resulten de aplicación.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta orde aplicarase ás operacións de pagamento singulares, aos contratos marco e ás operacións de pagamento suxeitas aos ditos contratos marco.

2. Cando o usuario do servizo de pagamento non sexa un consumidor nin unha microempresa, conforme as definicións dos artigos 3.8 e 3.25, respectivamente, do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, as partes nas operacións e contratos mencionados no punto anterior poderán acordar que non se lles aplique, en todo ou en parte, esta orde.

3. Non será exixible o previsto nesta orde cando un provedor de servizos de pagamento preste a un usuario de servizo de pagamento determinado unicamente o servizo de información sobre contas, salvo o establecido nos artigos 9 e 14, naquilo que resulte de aplicación ao dito servizo.

Artigo 3. *Réxime xurídico.*

A transparencia das condicións de contratación e os requisitos de información exixibles na prestación de servizos de pagamento rexeranse polo previsto no Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, nesta orde e nos artigos 3.2, 3.3, 3.4, 5, 8.1, 8.3, 8.5 e 9

da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios. O artigo 8.4 da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, será de aplicación aos servizos de pagamento prestados polos provedores de servizos de pagamento en execución dun contrato marco.

Artigo 4. Divisa das operacións e cambio de divisa.

1. Os pagamentos efectuaranse na divisa que as partes acordasen.
2. Cando, nun caixeiro automático, no punto de venda ou por parte do propio beneficiario, se ofrezca un servizo de cambio de divisa con anterioridade ao comezo da operación de pagamento, a parte que ofrezca o servizo de cambio de divisa ao ordenante deberao informar de forma desagregada de todos os gastos e comisións, así como do tipo de cambio que se empregará para a conversión da operación de pagamento.
A execución do servizo de cambio de divisa baixo estas condicións non se poderá realizar sen o consentimento previo expreso do ordenante.
3. Os provedores de servizos de pagamento que ofrezcan os servizos de cambio de divisa a que se refire o punto anterior establecerán e farán públicos, na forma que estableza o Banco de España, os tipos de cambio, comisións e gastos, incluso mínimos, aplicables ás ditas operacións.

Artigo 5. Información acerca dos gastos adicionais ou das reducións pola utilización dun instrumento de pagamento determinado.

1. Cando, para os efectos da utilización dun instrumento de pagamento determinado, o beneficiario ofrezca unha redución no prezo pola súa utilización, informará diso o ordenante antes de iniciarse a operación de pagamento.
2. Cando, para os efectos da utilización dun instrumento de pagamento determinado, o provedor de servizos de pagamento ou outra parte que interveña na operación exixa o pagamento de gastos adicionais, informará diso o usuario de servizos de pagamento antes de iniciarse a operación de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 4.3 da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro.
3. O ordenante só estará obrigado a aboar os gastos indicados no número 2 se se lle dá a coñecer o seu importe total antes do inicio da operación de pagamento.
4. A información a que se refiren os puntos anteriores facilitaráselle ao usuario de servizos de pagamento nos seguintes termos:
 - a) A información e as condicións comunicaránse ao usuario en termos facilmente accesibles e comprensibles, especialmente para as persoas con discapacidade, de maneira clara e obxectiva, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño universal, inmediatamente antes de se iniciar a operación de pagamento.
 - b) Especificarase expresamente a contía do gasto adicional ou da redución vinculada á utilización do instrumento de pagamento.
 - c) Especificarase expresamente a contía final completa da operación de pagamento co gasto adicional ou a redución e sen eles.
5. Así mesmo, os obrigados a ofrecer a información a que se refiren os números 1 e 2 deberán ter á disposición dos usuarios de servizos de pagamento, en todos e cada un dos establecementos desde os cales se poida iniciar a operación de pagamento e nas súas páxinas web, en caso de dispor delas, en lugar destacado de forma que atraia a atención dos usuarios e exposta de maneira que resulte facilmente lexible, a seguinte información:
 - a) Instrumentos de pagamento cuxa utilización xera un gasto adicional ou unha redución no prezo.
 - b) Importe exacto do gasto adicional ou da redución ou, cando este importe non poida ser calculado de antemán por razóns obxectivas, o importe estimado ou a base de cálculo que lle permita ao usuario comprobar esa estimación.

c) Calquera outra circunstancia que poida condicionar a vinculación dun gasto adicional ou dunha redución á utilización dun instrumento de pagamento ou que poida resultar relevante para estes efectos.

Artigo 6. *Especialidades respecto dos requisitos de información para instrumentos de pagamento de escasa contía.*

1. Para os efectos deste artigo, considéranse instrumentos de pagamento de escasa contía aqueles que, conforme o contrato marco pertinente, só afecten operacións de pagamento individuais non superiores a 30 euros ou que teñan un límite de gasto de 150 euros, ou que permitan almacenar fondos que non excedan en ningún momento a cantidade de 150 euros.

2. Nos supostos recollidos no punto anterior, os requisitos de información terán as seguintes especialidades:

a) O provedor do servizo de pagamento só lle facilitará ao ordenante a información sobre as características principais do servizo de pagamento, incluída a forma de utilizar o instrumento de pagamento, a denominación do provedor de servizos de pagamento e os seus datos de contacto, a responsabilidade de ordenante e provedor en caso de operacións non autorizadas, non executadas ou executadas defectuosamente, os gastos cobrados e demais información práctica necesaria para adoptar unha decisión con coñecemento de causa, e indicará en que lugar pode acceder facilmente á información e ás condicións contidas no artigo 14.

b) Poderase acordar que o provedor de servizos de pagamento non teña a obriga de propor os cambios das condicións do contrato marco cumprindo cos requisitos que establece o artigo 13.1.

c) Así mesmo, poderase convir que, despois da execución dunha operación de pagamento, o provedor do servizo de pagamento facilite ao usuario ou poña á súa disposición unicamente unha referencia que lle permita identificar a operación de pagamento, o seu importe, os gastos e, en caso de varias operacións de pagamento da mesma natureza efectuadas ao mesmo beneficiario, a información sobre o importe total e os gastos correspondentes ás ditas operacións.

De se acordar así no contrato marco, a información prevista na alínea c) anterior non se facilitará ou porá á disposición do usuario se o instrumento de pagamento se utiliza de forma anónima ou se o provedor de servizos de pagamento non dispón dos recursos técnicos necesarios para facilitala. Non obstante, nestes casos o provedor do servizo de pagamento facilitará ao ordenante a posibilidade de comprobar o importe dos fondos almacenados.

3. Para as operacións de pagamento a nivel nacional, os límites do punto primeiro elevaranse ao dobre das cantidades alí indicadas, salvo para os instrumentos de pagamento en modalidade de prepago, en que os límites serán de 500 euros.

CAPÍTULO II

Operacións de pagamento singulares

Artigo 7. *Concepto e ámbito de aplicación.*

1. Este capítulo é aplicable ás operacións de pagamento singulares, entendendo por tales as que non se encontran suxeitas a un contrato marco.

2. Cando unha orde de pagamento correspondente a unha operación de pagamento singular se transmita mediante un instrumento de pagamento regulado por un contrato marco, o provedor de servizos de pagamento non estará obrigado a proporcionar nin a por á disposición do usuario información que xa se lle facilitase en virtude do contrato marco con outro provedor de servizos de pagamento, ou que se lle vaia facilitar no futuro en virtude do dito contrato.

Artigo 8. *Información xeral previa relativa a operacións de pagamento singulares.*

1. O provedor de servizos de pagamento debe por á disposición do usuario de servizos de pagamento, dun modo facilmente accesible para el, un folleto coa información e as condicións establecidas no artigo 9, antes de que o usuario quede vinculado por calquera contrato ou oferta relativos a unha operación de pagamento singular.

Se o usuario do servizo de pagamento o solicita, o provedor de servizos de pagamento facilitaralle a información e as condicións mencionadas en papel ou noutro soporte duradeiro.

A información e as condicións estarán redactadas en termos facilmente accesibles e comprensibles, especialmente para as persoas con discapacidade, de maneira clara e lexible, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño universal, en castelán ou en calquera das demais linguas españolas oficiais das respectivas comunidades autónomas en que se preste o servizo de pagamento ou en calquera outra lingua acordada entre as partes.

2. Se o contrato relativo a unha operación de pagamento singular se celebrou por instancia do usuario do servizo de pagamento a través dun medio de comunicación a distancia que non lle permita ao provedor de servizos de pagamento cumprir o disposto no número 1, o dito provedor cumprirá no posible nese momento coas ditas obrigas e, en todo caso, inmediatamente despois da execución da operación de pagamento.

3. As obrigas impostas polo número 1 poderán cumprirse, así mesmo, proporcionando unha copia do borrador do contrato de servizo de pagamento singular ou do borrador da orde de pagamento que inclúa a información e as condicións contidas no artigo 9.

Artigo 9. *Información e condicións relativas a operacións de pagamento singulares.*

1. O provedor de servizos de pagamento facilitará ou porá á disposición do usuario de servizos de pagamento a información e as condicións seguintes:

a) A especificación da información ou do identificador único que o usuario de servizos de pagamento debe facilitar para a correcta iniciación ou execución dunha orde de pagamento.

b) O prazo máximo de execución do servizo de pagamento que se vaia prestar.

c) Todos os gastos que o usuario debe aboar ao provedor de servizos de pagamento e, de ser o caso, a desagregación das cantidades correspondentes aos ditos gastos.

d) No caso de que a operación de pagamento inclúa un cambio de divisa, o tipo de cambio efectivo ou o de referencia que se aplicará.

2. Ademais, os provedores de servizos de iniciación de pagamentos facilitarán ao ordenante ou porán á súa disposición, antes de iniciar a orde de pagamento, a seguinte información clara e detallada:

a) O nome do provedor de servizos de iniciación de pagamentos, o enderezo postal da súa Administración central e, cando proceda, o da súa sucursal ou axente en España, xunto con calquera outro dato de contacto, incluído o enderezo de correo electrónico, que sexa de utilidade para a comunicación co provedor de servizos de iniciación de pagamentos.

b) Os datos de contacto da autoridade competente.

3. Así mesmo, o provedor de servizos de pagamento porá á disposición do usuario de servizos de pagamento, dun modo facilmente accesible, toda a demais información e condicións que resulten pertinentes das contidas no artigo 14, en particular a relativa aos datos das autoridades responsables da súa supervisión e os datos do rexistro público en que estea inscrito.

Artigo 10. *Información para o ordenante tras a recepción da orde de pagamento.*

Inmediatamente despois da recepción da orde de pagamento, o provedor de servizos de pagamento do ordenante facilitaralle ou porá á súa disposición, de modo idéntico ao indicado no artigo 8.1, a información seguinte:

- a) Unha referencia que lle permita ao ordenante identificar a operación de pagamento e, cando estea dispoñible, información relativa ao beneficiario.
- b) O importe da operación de pagamento na moeda utilizada na orde de pagamento.
- c) O importe dos gastos da operación de pagamento que deba aboar o ordenante e, de ser o caso, unha desagregación dos ditos gastos.
- d) En caso de que a operación de pagamento inclúa un cambio de divisa, o tipo de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do ordenante, ou unha referencia deste, cando sexa distinto do tipo facilitado de conformidade co artigo 9.1.d), e o importe da transacción tras a conversión de moeda.
- e) A data de recepción da orde de pagamento.

Artigo 11. *Información para o beneficiario tras a execución dunha operación de pagamento singular.*

Inmediatamente despois da execución da operación de pagamento, o provedor de servizos de pagamento do beneficiario facilitaralle ou porá á súa disposición, de modo idéntico ao indicado no artigo 8.1, a información seguinte:

- a) Unha referencia que lle permita ao beneficiario identificar a operación de pagamento e cando estea dispoñible, ao ordenante, así como calquera información comunicada xunto coa operación de pagamento.
- b) O importe da operación de pagamento na moeda en que os fondos sexan aboados ao beneficiario.
- c) O importe dos gastos da operación de pagamento que deba aboar o beneficiario e, de ser o caso, unha desagregación dos ditos gastos.
- d) Cando proceda, o tipo de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do beneficiario e o importe da operación de pagamento antes da conversión de moeda.
- e) A data valor do aboamento.

Artigo 12. *Información exigible ao provedor de servizos de iniciación de pagamentos, tras a iniciación dunha orde de pagamento.*

1. Ademais da información e das condicións previstas no artigo 9, cando unha orde de pagamento se inicie a través dun provedor de servizos de iniciación de pagamentos, este facilitaralle ao ordenante e, de ser o caso, ao beneficiario, inmediatamente despois da iniciación da orde de pagamento, os datos seguintes:

- a) Unha confirmación de que a orde de pagamento se iniciou con éxito ante o provedor de servizos de pagamento xestor de conta do ordenante.
- b) Unha referencia que lles permita ao ordenante e ao beneficiario identificar a operación de pagamento e, de ser o caso, ao beneficiario identificar o ordenante e calquera información comunicada xunto coa operación de pagamento.
- c) O importe da operación de pagamento.
- d) De ser o caso, o importe dos gastos que se deban aboar pola operación ao provedor de servizos de iniciación de pagamentos debidamente desagregados.

2. Así mesmo, cando unha orde de pagamento se inicie a través dun provedor de servizos de iniciación de pagamentos, este deberá por á disposición do provedor de servizos de pagamento xestor de conta do ordenante a referencia da operación de pagamento.

CAPÍTULO III

Contratos marco

Artigo 13. *Información xeral previa á celebración dun contrato marco.*

1. O provedor de servizos de pagamento facilitaralle ao usuario de servizos de pagamento, en papel ou noutro soporte duradeiro, un folleto coa información e coas condicións contidas no artigo 14, con suficiente antelación á data en que o usuario quede vinculado por calquera contrato marco ou oferta. A información e as condicións estarán redactadas en termos facilmente accesibles e comprensibles, especialmente para as persoas con discapacidade, de maneira clara e lexible, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño universal, en castelán ou en calquera das demais linguas españolas oficiais das respectivas comunidades autónomas en que se preste o servizo de pagamento ou en calquera outra lingua acordada entre as partes.

2. Se o contrato marco se celebrou por instancia do usuario do servizo de pagamento a través dun medio de comunicación a distancia que non lle permita ao provedor de servizos de pagamento cumprir o disposto no número 1, o provedor cumprirá as obrigas que lle impón o dito punto inmediatamente despois da celebración do contrato marco.

3. As obrigas dispostas no número 1 poderán cumprirse, así mesmo, proporcionando unha copia do borrador do contrato marco que inclúa a información e as condicións contidas no artigo 14.

Artigo 14. *Información e condicións relativas ao contrato marco.*

O provedor de servizos de pagamento proporcionaralle ao usuario de servizos de pagamento a información e as condicións seguintes que, ademais, formarán parte do contido mínimo do contrato que, de ser o caso, se celebre:

a) Sobre o provedor de servizos de pagamento:

1.º O nome do provedor de servizos de pagamento, o domicilio da súa Administración central e, cando proceda, o da súa sucursal ou axente establecido en España, xunto con calquera outro enderezo, incluído o de correo electrónico, que sexa de utilidade para a comunicación co provedor de servizos de pagamento.

2.º Os datos das autoridades responsables da súa supervisión e os do rexistro público en que estean inscritas as entidades de pagamento autorizadas, as súas sucursais e os seus axentes, ou de calquera outro rexistro público pertinente que autorice ao provedor de servizos de pagamento, incluíndo o número de rexistro, ou un medio equivalente de identificación nos ditos rexistros.

b) Sobre a utilización do servizo de pagamento:

1.º Unha descrición das principais características do servizo de pagamento que se vaia prestar.

2.º A especificación da información ou do identificador único que o usuario de servizos de pagamento debe facilitar para a correcta iniciación ou execución dunha orde de pagamento.

3.º A forma e o procedemento mediante os cales se debe comunicar o consentimento para a iniciación dunha orde de pagamento ou para a execución dunha operación de pagamento e a retirada do dito consentimento, de conformidade cos artigos 36 e 52 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro.

4.º Unha referencia ao momento de recepción dunha orde de pagamento, conforme a definición do artigo 50 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, e, de ser o caso, a hora límite establecida polo provedor de servizos de pagamento.

5.º O prazo máximo de execución dos servizos de pagamento que se deban prestar.

6.º Se se estableceron límites ás operacións de pagamento que se van executar a través dun instrumento de pagamento, de conformidade co artigo 40.1 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro.

7.º No caso dos instrumentos de pagamento baseados en tarxetas que utilicen marcas compartidas, os dereitos do usuario de servizos de pagamento, conforme o artigo 8 do Regulamento (UE) 2015/751 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, sobre as taxas de intercambio aplicadas ás operacións de pagamento con tarxeta.

Para estes efectos, entenderase por marca de pagamento calquera nome, termo, signo, símbolo ou combinación dos anteriores, material ou dixital, capaz de indicar baixo que sistema de tarxetas de pagamento se realizan operacións de pagamento baseadas nunha tarxeta e, por utilización de marcas de pagamento compartidas a inclusión de dúas ou máis marcas de pagamento ou aplicacións de pagamento dunha mesma marca de pagamento no mesmo instrumento de pagamento.

c) Sobre os gastos e tipos de xuro e de cambio:

1.º Todos os gastos que o usuario debe aboar ao provedor de servizos de pagamento, incluídos os que, de ser o caso, poida percibir o provedor de servizos de pagamento, de conformidade co previsto no artigo 30.2 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, e, cando resulte pertinente, a súa correspondente desagregación.

2.º De ser o caso, os tipos de xuro e de cambio que se aplicarán ou, se se van utilizar os tipos de xuro e de cambio de referencia, o método de cálculo do xuro efectivo e a data correspondente e o índice ou a base para determinar o dito tipo de xuro ou de cambio de referencia.

3.º De se ter convido así, a aplicación inmediata das variacións dos tipos de xuro ou de cambio de referencia e os requisitos de información en relación coas ditas variacións, de conformidade co artigo 33.2 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro.

d) Sobre a comunicación:

1.º Cando proceda, os medios de comunicación, incluídos os requisitos técnicos aplicables ao equipo e aos programas informáticos do usuario de servizos de pagamento, convidos entre as partes para a transmisión de información ou notificacións conforme esta orde ministerial.

2.º A forma en que se debe facilitar ou pór á disposición a información prevista nesta orde ministerial e a frecuencia desa información.

3.º A lingua ou linguas de celebración do contrato marco e de comunicación durante a relación contractual.

4.º O dereito do usuario do servizo de pagamento a recibir en calquera momento o contrato marco e o folleto coa información e coas condicións recollidas neste artigo, de conformidade co artigo 15.

e) Sobre as responsabilidades e os requisitos necesarios para a devolución:

1.º Cando proceda, unha descrición das medidas que o usuario de servizos de pagamento deberá adoptar para preservar a seguridade dun instrumento de pagamento e da forma en que se debe realizar a notificación ao provedor de servizos de pagamento, para efectos do artigo 41.b) do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, nos casos de extravío, subtracción, apropiación indebida ou utilización non autorizada daquel.

2.º O procedemento seguro de notificación ao usuario por parte do provedor de servizos de pagamento en caso de sospeita de fraude, fraude real ou de ameazas para a seguridade.

3.º De se ter convido así, as condicións en que o provedor de servizos de pagamento reserva para si o dereito de bloquear un instrumento de pagamento, de conformidade co artigo 40 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro.

4.º A responsabilidade do ordenante en caso de operacións de pagamento non autorizadas, de conformidade co artigo 46 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, con información sobre o importe correspondente.

5.º A forma e o prazo dentro do cal o usuario do servizo de pagamento debe notificar ao provedor de servizos de pagamento calquera operación de pagamento non autorizada, ou iniciada ou executada de forma incorrecta, de conformidade co artigo 43 do Real

decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, así como a responsabilidade do provedor de servizos de pagamento en caso de operacións de pagamento non autorizadas, de conformidade co artigo 45 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro.

6.º A responsabilidade do provedor de servizos de pagamento en caso de non execución ou de execución defectuosa ou con atraso dunha orde de pagamento, de conformidade co artigo 60 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro.

7.º Os requisitos necesarios para a devolución da cantidade total correspondente ás operacións de pagamento autorizadas, en virtude dos artigos 48 e 49 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro.

f) Sobre as modificacións e a resolución do contrato marco:

1.º De se ter convido así, a advertencia de que se considerará que o usuario de servizos de pagamento acepta modificacións das condicións establecidas conforme o artigo 33 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, a menos que lle notifique o contrario ao provedor de servizos de pagamento con anterioridade á data proposta para a entrada en vigor das modificacións, e o artigo 19.

2.º A duración do contrato marco.

3.º O dereito do usuario de servizos de pagamento a resolver un contrato marco e calquera acordo relativo á resolución, de conformidade cos artigos 32 e 33.1 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro.

g) Sobre a lei aplicable, a competencia xurisdiccional e os procedementos de reclamación:

1.º As cláusulas contractuais conforme as cales se definise a lei aplicable ao contrato marco e o órgano xurisdiccional competente.

2.º Os procedementos de reclamación ante o servizo de atención ao cliente do provedor de servizos de pagamento e o sistema de resolución alternativa de conflitos á disposición do usuario de servizos de pagamento, conforme os artigos 69 e 70 e a disposición transitoria sétima do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro.

Artigo 15. Accesibilidade da información e das condicións do contrato marco.

En calquera momento da relación contractual, o usuario de servizos de pagamento que así o solicite terá dereito a recibir en papel ou noutro soporte duradeiro o contrato marco, así como o folleto coa información e coas condicións recollidas no artigo 14.

Artigo 16. Información previa á execución de operacións de pagamento suxeitas a un contrato marco.

Cando se trate dunha operación de pagamento suxeita a un contrato marco iniciada polo ordenante, se este o solicita para esa concreta operación de pagamento, o provedor de servizos de pagamento deberalle facilitar información explícita sobre o prazo máximo de execución e sobre os gastos que debe aboar o ordenante, e engadirá, de ser o caso, a desagregación das cantidades correspondentes aos posibles gastos.

Artigo 17. Información para o ordenante sobre operacións de pagamento suxeitas a un contrato marco.

1. Unha vez que o importe dunha operación de pagamento suxeita a un contrato marco se cargase na conta do ordenante, ou cando o ordenante non utilice unha conta de pagamento tras recibir a orde de pagamento, o provedor de servizos de pagamento do ordenante facilitaralle sen demoras inxustificadas, de modo idéntico ao estipulado no artigo 13.1, a seguinte información:

a) Unha referencia que lle permita ao ordenante identificar cada operación de pagamento e, cando estea dispoñible, a información relativa ao beneficiario.

- b) O importe da operación de pagamento na moeda en que se cargase na conta de pagamento do ordenante ou na moeda utilizada para a orde de pagamento.
- c) O importe de calquera gasto da operación de pagamento e, de ser o caso, a correspondente desagregación de gastos ou os xuros que deba aboar o ordenante.
- d) En caso de que a operación de pagamento inclúa un cambio de divisa, o tipo de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do ordenante, e o importe da operación de pagamento tras a dita conversión de moeda.
- e) A data valor do cargo ou a data de recepción da orde de pagamento.

2. Así mesmo, o provedor de servizos de pagamento facilitará a información a que se refire o punto anterior de maneira gratuíta, periódica, polo menos unha vez ao mes, e na forma convida polas partes, sempre que permita ao ordenante almacenar a información e reproducila sen cambios.

Artigo 18. Información para o beneficiario sobre operacións de pagamento suxeitas a un contrato marco.

1. Inmediatamente despois da execución de cada operación de pagamento suxeita a un contrato marco, o provedor de servizos de pagamento do beneficiario facilitaralle sen demoras inxustificadas, de modo idéntico ao estipulado no artigo 13.1, a información seguinte:

- a) Unha referencia que permita ao beneficiario identificar a operación de pagamento e, cando sexa posible, ao ordenante, así como calquera información comunicada xunto coa operación de pagamento.
- b) O importe da operación de pagamento na moeda en que se aboase na conta de pagamento do beneficiario.
- c) O importe de calquera gasto da operación de pagamento e, de ser o caso, a correspondente desagregación de gastos ou os xuros que deba aboar o beneficiario.
- d) En caso de que a operación de pagamento inclúa un cambio de divisa, o tipo de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do beneficiario e o importe da operación de pagamento antes da conversión de moeda.
- e) A data valor do aboamento.

2. Así mesmo, o provedor de servizos de pagamento facilitará a información a que se refire o punto anterior de maneira gratuíta, periódica, polo menos unha vez ao mes, e na forma convida polas partes, sempre que permita ao beneficiario almacenar a información e reproducila sen cambios. O previsto neste punto débese entender sen prexuízo do establecido no artigo 8.4 da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro.

Artigo 19. Forma de remisión da información e condicións relativas á modificación das condicións do contrato marco.

O provedor de servizos de pagamento deberá propor calquera modificación das condicións contractuais e da información e das condicións especificadas no artigo 14, de conformidade co previsto no artigo 33 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro. A dita notificación remitiráselle ao usuario de servizos de pagamento de modo idéntico ao estipulado no artigo 13.1.

Artigo 20. Forma de remisión da información e condicións relativas á resolución do contrato marco.

Conforme o previsto no artigo 32.4 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de se acordar así no contrato marco, o provedor de servizos de pagamento poderá resolver o contrato marco celebrado por un período indefinido se avisa cunha antelación mínima de dous meses. A dita notificación remitiráselle ao usuario de servizos de pagamento de modo idéntico ao estipulado no artigo 13.1.

Disposición adicional primeira. *Réxime aplicable a determinadas operacións e contratos.*

Conforme o segundo parágrafo do artigo 8 da Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, serán de aplicación especial os artigos 8, 9, 13 e 14 no que se refire á prestación de servizos de pagamento, en lugar das disposicións en materia de información recollidas no artigo 7.1 da citada lei. Non obstante, será aplicable o previsto nas alíneas c) a g) do artigo 7.1.2; a), b) e e) do artigo 7.1.3, e b) do artigo 7.1.4 da Lei 22/2007, do 11 de xullo.

Disposición adicional segunda. *Contabilidade e auditoría.*

1. Nos termos previstos no artigo 25 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, e no artigo 10 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico, habilítase o Banco de España para establecer e modificar as normas de contabilidade e os modelos a que se deberán axustar os estados financeiros, de carácter público e reservado, en ambos os casos tanto individuais coma consolidados, das entidades de pagamento e das entidades de diñeiro electrónico, incluídas, en ambos os casos, as de carácter híbrido, coas especificacións que o propio Banco de España determine, dispondo a frecuencia e o detalle con que os correspondentes datos deberán ser subministrados e facerse públicos, con carácter xeral e segundo criterios homoxéneos, polas entidades de pagamento e polas entidades de diñeiro electrónico.

2. Para o establecemento e a modificación das normas de contabilidade e dos modelos do balance e da conta de resultados públicos será preceptiva a consulta previa ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, que deberá ser emitida no prazo de trinta (30) días hábiles a partir da súa recepción.

3. No non previsto expresamente nesta disposición adicional, será de aplicación a Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 31 de marzo de 1989, pola que se faculta o Banco de España para establecer e modificar as normas contables das entidades de crédito.

4. Resultará de aplicación ás entidades de pagamento e ás entidades de diñeiro electrónico o previsto na Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea, o Regulamento (CE) n° 1606/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de xullo de 2002, relativo á aplicación de normas internacionais de contabilidade, no que resulte procedente.

5. As contas anuais e as contas consolidadas das entidades de pagamento e das entidades de diñeiro electrónico serán obxecto de auditoría por parte de auditores legais ou de empresas de auditoría, conforme o disposto na Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, a menos que estean exentas conforme esta lei ou a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, e o seu desenvolvemento regulamentario.

6. Para efectos da supervisión, as entidades de pagamento presentarán por separado a contabilidade relativa aos servizos de pagamento e a relativa ás actividades mencionadas no artigo 20.1 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, que serán obxecto dun informe de auditoría por parte de auditores legais ou dunha empresa de auditoría.

Para efectos da supervisión, as entidades de diñeiro electrónico presentarán por separado a contabilidade relativa á emisión de diñeiro electrónico e aos servizos de pagamento que estean autorizadas a prestar, e a relativa ás actividades mencionadas no artigo 8.1 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, que serán obxecto dun informe de auditoría por parte de auditores legais ou dunha empresa de auditoría.

7. As obrigas establecidas na disposición adicional sétima da Lei 22/2015, do 20 de xullo, aplicaranse aos auditores legais ou empresas de auditoría das entidades de pagamento con respecto ás actividades de servizo de pagamento, así como das entidades de diñeiro electrónico con respecto á emisión de diñeiro electrónico e aos servizos de pagamento que estean autorizados a prestar.

Disposición adicional terceira. *Obriga de informar os consumidores sobre os seus dereitos.*

1. Os provedores de servizos de pagamento porán á disposición dos usuarios de servizos de pagamento, de maneira accesible nos seus sitios web, cando os ditos sitios existan, e en papel nas súas sedes, axencias e nas entidades en que se externalizasen as súas actividades, o folleto previsto no artigo 106.1 da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre servizos de pagamento no mercado interior e pola que se modifican as directivas 2002/65/CE, 2009/110/CE e 2013/36/UE e o Regulamento (UE) n.º 1093/2010 e se derroga a Directiva 2007/64/CE, do 13 de novembro.

2. Os provedores de servizos de pagamento facilitarán gratuitamente a información prevista no número 1. En relación coas persoas discapacitadas, utilizaranse os medios alternativos adecuados, permitindo que a información se poña á disposición dos usuarios de servizos de pagamento de maneira clara e lexible, nun formato facilmente accesible e comprensible.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos contratos marco.*

De conformidade co establecido na disposición transitoria quinta do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, os contratos marco que os provedores de servizos de pagamento que operen en España teñan subscritos cos usuarios na data de entrada en vigor desta orde ministerial seguirán sendo válidos no momento da súa entrada en vigor. Non obstante, serán de aplicación as disposicións de carácter imperativo relativas á transparencia das condicións de contratación e aos requisitos de información máis favorables para os consumidores e as microempresas.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde ministerial. En particular, queda derogada a Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguro, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ao cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras.*

A Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ao cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras, queda modificada como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado co seguinte teor literal:

«Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Estarán suxeitas a canto se dispón nesta orde as seguintes entidades:

- a) as entidades de crédito,
- b) os establecementos financeiros de crédito,

- c) as entidades de pagamento e as entidades acollidas ao establecido nos artigos 14 e 15 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira,
- d) as entidades de diñeiro electrónico,
- e) as empresas de servizos de investimento,
- f) as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo,
- g) as entidades aseguradoras,
- h) as entidades xestoras de fondos de pensións, coas precisións establecidas na disposición adicional primeira,
- i) as sociedades de corredoría de seguros,
- j) as sucursais en España das entidades enumeradas nas alíneas anteriores con domicilio social noutro Estado.

As entidades sinaladas nas alíneas anteriores que fosen autorizadas noutros Estados membros do Espazo económico europeo, cando exerzan a súa actividade en España en réxime de libre prestación de servizos, deberanse axustar ao previsto nos artigos 3, 9 e 10.3.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Modulación das obrigacións.*

Habilítase o Banco de España para modular as obrigacións recollidas nesta orde ministerial, atendendo ao tamaño e á estrutura das entidades recollidas no artigo 2.1, así como á súa natureza, dimensión e complexidade das actividades que desenvolven.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios.*

A Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, queda modificada como segue:

Un. O artigo 27.1.d) pasa a ter o seguinte teor literal:

- d) «Euríbor a un ano».

Dous. O artigo 34 queda redactado como segue:

«Artigo 34. *Normativa de transparencia dos servizos de pagamento.*

A transparencia das condicións de contratación e os requisitos de información exixibles na prestación de servizos de pagamento aos clientes réxese polo previsto na Orde da ministra de Economía e Empresa, do 26 de decembro de 2019, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento e pola que se modifica a Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ao cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras, e a Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios.»

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde ministerial complétase a incorporación ao dereito español da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa.*

Habilítase o Banco de España para que dite cantas disposicións e actos sexan precisos para o desenvolvemento e a execución desta orde ministerial.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xullo de 2020, salvo os números 1 a 3 da súa disposición adicional segunda, que entrarán en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de decembro de 2019. A ministra de Economía e Empresa, Nadia Calviño Santamaría.